Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA SEXTA DO TRIBUNAL

Data:	Día 30/10/2026, ás 09:30 horas. Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Lousame
Proceso:	OEP: 2023 Proceso selectivo: Funcionario, oposición, praza de Auxiliar Administrativo (código 4005) Publicación convocatoria: sede electrónica, 01/06/2026; BOP 102, 02/06/2026; DOG 105 do 08/06/2026; BOE 142 do 11/06/2026
Expediente:	2026/E001/000010

No día e hora indicados, reúnense de xeito presencial, os seguintes membros do Tribunal Cualificador, designado para o proceso selectivo referenciado (Resolución de Alcaldía núm. 453 do 04/08/2026):

Presidencia: Patricia Fernández Pérez
Secretaría: Paula Ares Otero
Vogalía 1ª: Jorge Boado Fernández
Vogalía 2ª: Mª Teresa Cid Poza
Vogalía 3ª: Guillermo José Fernández López

Antecedentes:

Primeiro: A relación definitiva de aspirantes admitidos/excluídos foi a aprobada por Resolución da Alcaldía 493/2026 do 21/08/2026 e publicada no Taboleiro da sede electrónica o día 21/08/2026.

Segundo: O día 27/08/2026 tivo lugar a primeira reunión do Tribunal Cualificador, na que se levou a cabo a constitución formal do mesmo, a manifestación da non concorrencia de posibles causas de abstención ou recusación nos membros do Tribunal e o reparto do temario para formular as preguntas das que está composta a PRIMEIRA PROBA da fase de oposición.

Terceiro: A Resolución da Alcaldía núm. 453 do 04/08/2026, fixa o día de celebración da PRIMEIRA PROBA (Base 10.2) da fase de oposición: Martes, 8 de setembro de 2026, ás 10:00 horas no Pavillón Polideportivo Pilar Barreiro Senra (Lousame)

Cuarto: O día 08/09/2026 tivo lugar a celebración da PRIMEIRA PROBA (Base 10.2) da fase de oposición, cuxo desenvolvemento quedou reflectido na Acta Segunda do Tribunal, da mesma data.

Quinto: O día 17/09/2026 tivo lugar a corrección da PRIMEIRA PROBA (Base 10.2) da fase de oposición, cuxo desenvolvemento quedou reflectido na Acta Terceira do Tribunal, da mesma data. Nesa sesión quedou fixada a data de apertura de códigos da PRIMEIRA PROBA (22/09/2026) e o día de celebración da SEGUNDA PROBA da fase de oposición: Martes, 20 de outubro de 2026, ás 10:00 horas, na Casa de Cultura do Concello de Lousame.

Sexto: O día 22/09/2026 tivo lugar a apertura dos Sobres Medianos que identifican os códigos alfanuméricos con cada aspirante, cuxo desenvolvemento quedou reflectido na Acta Cuarta do Tribunal, da mesma data.

Sétimo: O día 20/10/2026 tivo lugar a celebración da SEGUNDA PROBA (Base 10.2) da fase de oposición, cuxo desenvolvemento quedou reflectido na Acta Quinta do Tribunal, da mesma data.

Corrección da SEGUNDA PROBA da fase de oposición:

Primeiro: Reunidos os membros do Tribunal, proceden á apertura dos Sobres Grandes, en cuxo interior está a Plantilla para realizar a segunda proba, cun código alfanumérico; que permitirá, máis adiante, identificar cada exercicio co aspirante que o realizou.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

CVD: 4g4dklm3EkdC78AGAd0h Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segundo: No cumprimento da Base 10.2, procédese á corrección da **segunda proba (exame escrito de carácter práctico)**, cos seguintes criterios:

- A puntuación máxima que se pode acadar é de 20 puntos, sendo preciso obter un mínimo de 10 para entender superada a proba.
- Aqueles aspirantes que non acaden a puntuación mínima de 10 puntos, serán considerados NON APTOS e serán eliminados do proceso selectivo.
- O exercicio cualificarase valorando: o coñecemento da normativa, a resolución do problema práctico plantexado, a capacidade de redacción, a claridade e orde de ideas, a claridade de expresión, a forma de presentación e exposición.

O resultado da corrección da **segunda proba (exame escrito de carácter práctico)** é o seguinte:

Código Alfanumérico	Resultado
LOUI0Y19	NON APTO
LOUUZB33	NON APTO
LOUJH723	NON APTO
LOUYTJ40	13,00
LOUHJ718	NON APTO
LOUZMF41	10,50
LOUTHV32	NON APTO

Os aspirantes NON APTOS quedan eliminados do proceso selectivo.

Terceiro: Os aspirantes que superan a SEGUNDA PROBA da fase de oposición son os seguintes:

Código Alfanumérico	Resultado
LOUYTJ40	13,00
LOUZMF41	10,50

Cuarto: A apertura pública dos Sobres Medianos, que conteñen a Folla que identifica a cada aspirante co seu código alfanumérico será:

Día: 03/11/2026
Hora: 09:30 horas
Lugar: Salón de Plenos do Concello de Lousame.

E non habendo outros asuntos que tratar, levántase a sesión, ás 12:45 horas, estendéndose a presente Acta, que en proba de conformidade, asina electronicamente cada membro do Tribunal.

CVD: 4g4dklm3EkdC78AGAd0h Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).